

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 24 de outubro de 2017

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF-, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 27 de outubro de 2017.

HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.

LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 29 de setembro de 2017.
- 2.- Bases reguladoras do programa provincial de cooperación cos concellos para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipais e provinciais durante o exercicio 2018.
- 3.- Programa provincial de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2018.
- 4.- Moción de Democracia Ourensana relativa á fusión de concellos na provincia de Ourense.
- 5.- Moción do Grupo Popular ante a vaga de lumes na provincia de Ourense.
- 6.- Moción do Grupo Socialista de mellora do plan provincial de servizos sociais BenOurense.
- 7.- Moción conxunta Grupo Socialista, Democracia Ourensana e BNG, para creación dunha comisión de investigación sobre as irregularidades detectadas no sistema de bombeo de auga entre o río Miño e os concellos de Punxín, Cenlle e San Amaro.
- 8.- Mocións de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

- 9.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
 - Presidencia: mes de setembro de 2017 e dos seguintes adicionais: 1º de xullo e 1º de agosto de 2017.
 - Deputado delegado de Facenda: mes de setembro de 2017 e dos seguintes adicionais: 1º de xullo e 1º de agosto de 2017.
 - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de setembro de 2017 e 1º adicional de agosto de 2017.
 - Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de setembro de 2017 e do 1º adicional de agosto de 2017.
- 10.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,